

CRITERIOS CUALIFICACIÓN - CURSO 2019-2020

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

a) 1º CICLO DA ESO

Para outorgar a nota correspondente a cada avaliación teranse en conta a proba ou probas sobre as **4 competencias: CE / CO / EE / EO e CONTIDOS** debidamente anunciados o longo do trimestre. A porcentaxe na que se baseará a nota final de cada avaliación é:

INSTRUMENTOS DE CALIFICACIÓN	PORCENTAXE DE NOTA
Proba CO	10%
Proba CE (con xustificación)	10%
Proba EO	10%
Proba EE	10%
Proba LÉXICO	10%
Proba de CONTIDOS GRAMATICAIS*	50%

*O alumnado deberá acadar unha nota mínima de 3 puntos na proba de contidos gramaticais para facer media co resto de notas. De non acadar ese mínimo considerarase que non se adquiriron os coñecementos necesarios para poder aprobar a avaliación.

Dado que esta materia é de avaliación continua, o alumnado que a final de curso non adquirise os coñecementos esixidos nin desenvolvese adecuadamente as competencias requeridas ó longo do curso escolar deberá presentarse a unha **PROBA FINAL** no terceiro trimestre. Esa proba versará sobre os contidos que o alumnado non teña aprobadas por parciais.

Aqueles alumnos que teñan que presentarse á convocatoria de **SETEMBRO** serán avaliados UNICAMENTE polos coñecementos demostrados nese exame: proba de contidos gramaticais (40%), EE (30%) e léxico (30%). O alumnado será debidamente informado sobre a materia obxecto de avaliación tendo que acadar unha **nota mínima de 5** para aprobar.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA	PORCENTAXE DE NOTA
PROBA DE GRAMÁTICA	40%
PROBA DE EE	30%
PROBA DE LÉXICO	30%

b) 2º CICLO DA ESO e 1º DE BACHARELATO.

Para outorgar a nota correspondente a cada avaliación teranse en conta a proba ou probas sobre as **4 competencias: CE / CO / EE / EO e CONTIDOS** debidamente anunciados o longo do trimestre. A porcentaxe na que se baseará a nota final de cada avaliación é:

INSTRUMENTOS DE CALIFICACIÓN	PORCENTAXE DE NOTA
Proba CO (escolla múltiple)	10%
Proba CE (con xustificación)	10%
Proba EO	15%
Proba EE	15%
Proba LÉXICO	10%
Proba de CONTIDOS GRAMATICAIS*	40%

*O alumnado deberá acadar unha nota mínima de 3 puntos na proba de contidos gramaticais para facer media co resto de notas. De non acadar ese mínimo considerarase que non se adquiriron os coñecementos necesarios para poder aprobar a avaliación.

Dado que esta materia é de avaliación continua, o alumnado que a final de curso non adquirise os coñecementos esixidos nin desenvolvese adecuadamente as competencias requeridas ó longo do curso escolar deberá presentarse a unha **PROBA FINAL** no terceiro trimestre. Esa proba versará sobre os contidos que o alumnado non teña aprobadas por parciais.

Aqueles alumnos que teñan que presentarse á convocatoria de **SETEMBRO** serán avaliados UNICAMENTE polos coñecementos demostrados nese exame: proba de contidos gramaticais (40%), EE (30%) e léxico (30%). O alumnado será debidamente informado sobre a materia obxecto de avaliación tendo que acadar unha **nota mínima de 5** para aprobar.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA	PORCENTAXE DE NOTA
PROBA DE GRAMÁTICA	40%
PROBA DE EE	30%
PROBA DE LÉXICO	30%

c) 2º de BACHARELATO

Para outorgar a nota correspondente a cada avaliación teranse en conta a proba ou probas sobre as **4 competencias: CE / CO / EE / EO e CONTIDOS** debidamente anunciados o longo do trimestre.

A porcentaxe na que se baseará a nota final de cada avaliación é:

INSTRUMENTOS DE CALIFICACIÓN	PORCENTAXE DE NOTA
Proba EO	20%
Proba de CONTIDOS GRAMATICAIS*	30%
ABAU	50%

*O alumnado deberá acadar unha nota mínima de 3 puntos na proba de contidos gramaticais para facer media co resto de notas. De non acadar ese mínimo considerarase que non se adquiriron os coñecementos necesarios para poder aprobar a avaliación.

Dado que esta materia é de avaliación continua, o alumnado que a final de curso non adquirise os coñecementos esixidos nin desenvolvese adecuadamente as competencias requeridas ó longo do curso escolar deberá presentarse a unha **PROBA FINAL** no terceiro trimestre. Esa proba versará sobre os contidos que o alumnado non teña aprobadas por parciais.

Aqueles alumnos que teñan que presentarse á convocatoria de **SETEMBRO** serán avaliados UNICAMENTE polos coñecementos demostrados nese exame: proba de contidos gramaticais (50%) e un exame tipo ABAU (50%). O alumnado será debidamente informado sobre a materia obxecto de avaliación tendo que acadar unha **nota mínima de 5** para aprobar.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA	PORCENTAXE DE NOTA
PROBA DE GRAMÁTICA	50%
PROBA DE ABAU	50%

d) CUALE

Tal e como se recolle na Orde do 12 de maio de 2011 que regula o Programa CUALE, en concreto no artigo 6, o profesorado que imparta o CUALE realizará unhas probas cuxa superación suporá a expedición do certificado de aproveitamento do curso de aproveitamento para as probas de certificación das EEOOII.

Esa proba levaranse a cabo no segundo e no terceiro trimestre do curso e sempre antes da celebración das probas externas das EEOOI ou das institucións autorizadas. Na proba avalíaranse as catro competencias (CO, CE, EO, EE) e a cualificación farase sobre 100 puntos (25 por competencia) sendo necesario superar en total os 50 puntos e obter, como mínimo, en cada unha das competencias os 5 puntos.

INSTRUMENTOS DE CALIFICACIÓN	PORCENTAXE DE NOTA
Proba CO*	25%
Proba CE *	25%
Proba EO*	25%
Proba EE*	25%

*a nota mínima en cada unha destas probas será de 5 puntos.

e) OBSERVACIÓNS XERAIS PARA A AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Se durante a realización dunha proba avaliábel, o alumnado é sorprendido utilizando calquera tipo de axuda fóra da estritamente autorizada pola profesora, incluído o uso de calquera dispositivo electrónico, retirarase o exame e procederase a realizalo nese mesmo intre escrita ou oralmente segundo o criterio da docente (enténdese que o profesorado pode retirar o dispositivo ou o material empregado, que será entregado á Xefatura de Estudos coa comunicación inmediata aos pais / tutores do alumno). Se este suposto sucede na convocatoria extraordinaria, o docente tomará as medidas pertinentes para poder repetir inmediatamente o exame sen ningún tipo de axuda e nos termos que se estimen convintes.

En ningún caso se correxirán as probas que non respecten as consignas dadas polas profesoras da materia (probas de contidos feitas a lapis, probas nas que non figuren o nome, apelidos e a data, etc...). No caso de que o alumnado non se presente á proba, no día no que é convocado, deberá xustificar documentalmente dita ausencia e será convocado pola profesora para facer a devandita proba cando se estime oportuno, á maior brevidade posible e, de ser posible, na seguinte hora lectiva do seu grupo.

MODIFICACIÓN CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE 1º DE BACHARELATO

En reunión de departamento extraordinaria mantida o venres 25 de outubro de 2019 ás 11:30, a profesora que imparte docencia en 1º de bacharelato, D^a Mercedes Noya Souto, informa de que desexa facer una modificación nos criterios de cualificación de dito nivel e informa asimesmo de que esa modificación se acordou co alumnado implicado na modificación.

Tal e como se acordou antes do inicio de curso e se lle notificou ó alumnado, a proba de contidos gramaticais de 1º de bacharelato representaba un 40% da nota trimestral. Empezado o traballo diario, a profesora percibe que o alumnado se ve obrigado a facer unha importante cantidade de exercicios gramaticais para preparar a proba de contidos polo que acorda co alumnado que a nota correspondente á gramática (40%) se repartirá entre a proba de contidos gramaticais (20%) e os exercicios gramaticais entregados (20%) sempre e cando se entreguen todos. En caso de que haxa alumnado que non entregue tódolos exercicios, a súa nota correspondente á gramática dependerá exclusivamente da proba de contidos gramaticais.

O resto de membros de departamento amósase conforme con dita modificación polo que procédese a comunicalo a Xefatura de Estudos para que tome as medidas pertinentes, entre elas facelas públicas na páxina web do centro, no departamento de Francés.

Poio, 28 de outubro de 2019.